



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- É bonita, verdade que si? Antes cantaba ben aghora...
- Dunha fáltame a dentadura e outra son os anos tamén e que non se practica
- Deso nada, a min non me importa...
- E aínda hai moitas máis...
- Entón si que volvo o sábado a coller todas estas.
- Non irá pro monte?
- Sí.

Romance: Rosiña

IV 5a'

I a Rosiña de Tanxeiro
era unha gran costureira
e ao outro día cosía
no cuartiño da palleira.

Anselmo de Vilanova
i era o novio que ela tiña
foise por tras dunha rexas
por ver o que ela facía.

Rosiña estaba faguendo
unhas bragas i un sostén
cuando se puxo a probalas
por ver si lle estaba ben.

I a ver aquel Anselmiño
xa se non tiña de pé
e díxolle: “Ai miña Rosa
que pernas máis brancas tés.

Xa te mes pos colorada
moi vergonza parece,
pois non te ocupes Rosiña
qu’inda chas hei ver máis veces.”

“Che teño dito Anselmiño
xa te podes convencer
anque te volvas toliño
non mas has de volver ver”

“Non me digas eso muller,
que eu non son tan imbustero
tu non sábelo que eu sufro
polo muito que che eu quero”



“I entonces casaus seremos
que eu tamén che quero ben
pero entregar non me entrego
pola conta que me ten.”

“Ábreme as portas Rosiña,
déixate de tonterías
que me hei de casar contigo
dentro de ben poucos días.”

“Si chá abro as portas Anselmo
según Vadeseosa
sería ben un choque
na estación de Zaragoza.”

“Anselmo marchou decindo
xa non hai quen te convenza
o día que nos casemos
heiche apretalas corenta.”

Anselmo non tiña idea
de casar coa rapaza
porque tiña pouca dote,
non lla querían na casa.

Mais desde que viu as pernas
xa cambiou de parecer
¡Qué dote ni qué centellas,
o que vale ter muller!

Metéuselle na cabeza
de casares de contado
dentro de ben poucos días
xa tiñan todo arreglado.

O día tres de novembro
na capilla de San Eso
por un sí entrou Anselmo,
entrou solto, e salíu preso.

Cuando salían pra fóra
díxolle o cura á Anselmo:
“Ti xa levas quen che quenta
as pernas no regor do inverno.”



“Falta me fai señor cura,
muito lle levo sofrido,
dormir solo no inverno
e bo pra morrer có frío.”

“Pois a rapaza é xeitosa
e se as miñas me quentara.”.
Contestou a Rosa enseguida:
“As súas quéntalas a criada.”

Ghastando de estas bromas
marcharon para Santa Andrea
vai unha voda aleghante
ó estilo de aquela aldea.

Chamaron moitos parentes
i un ghaitero pra tocar
porque os casados de novo
tiñan ganas de bailar.

Por beilar unha muiñeira
fóronse con día á cama,
Se Anselmo facía ben
Rosiña ainda lle ganaba.

I alá pola media noite
Anselmo quedou durmido
i así dicía Rosiña:
“Xa te cansas meu marido.

Xa te cansas meu marido,
xa te casas meu danzante
se xa hoxe estás cansado
que farás pra máis adiante”.

- Fin de la primera parte.